



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 655  
7 de agosto de 2020



CSV: BOPGDSPGF7xmDdlr5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

##### 1.3.8.6. Modificacións orzamentarias

■ Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xuño de 2020

[203989](#)

##### 1.3.8.10. Informe sobre a disposición do fondo de continxencia

■ Informe sobre a disposición do fondo de continxencia correspondente ao segundo trimestre de 2020

[203989](#)

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

■ Resolución do 30 de xullo de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, pola que se fan públicas as cualificacións finais

[203990](#)



## 4. Informaci3ns e correcci3ns de erros

### 4.1. Informaci3ns

### 4.2. Correcci3ns de erros

#### **Nova publicaci3n do contido do Bolet3n Oficial do Parlamento n3mero 655, do 7 de agosto de 2020**

De orde da Presidencia, ao se publicaren por erro os documentos con n3meros de rexistro n3m. 275, 280, 283, 326, 329, 334, proc3dese agora a publicar novamente o BOPG n3mero 655 sen a inclusi3n de tales documentos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.8. Procedementos de control econ3mico e orzamentario

##### 1.3.8.6. Modificaci3ns orzamentarias

#### **Modificaci3ns orzamentarias correspondentes ao mes de xu3no de 2020**

A Mesa da Deputaci3n Permanente do Parlamento de Galicia, na s3a sesi3n do d3a 31 de xullo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Escrito da Direcci3n Xeral de Relaci3ns Institucionais e Parlamentarias polo que remite modificaci3ns orzamentarias correspondentes ao mes de xu3no de 2020 (doc. n3m. 17; 11/MOP-000001).

A Mesa toma coñecemento e acorda o seu traslado aos grupos parlamentarios e 3 Comisi3n 3<sup>a</sup>, Econom3a, Facenda e orzamentos, que se constitu3a na XI lexislatura, as3 como a publicaci3n do acordo.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2020

Miguel 3ngel Santalices Vieira  
Presidente

##### 1.3.8.10. Informe sobre a disposici3n do fondo de continxencia

#### **Informe sobre a disposici3n do fondo de continxencia correspondente ao segundo trimestre de 2020**

Informe sobre a disposici3n do fondo de continxencia da secci3n 23 correspondente ao segundo trimestre de 2020, en cumprimento do disposto no artigo 55 bis, apartado quinto, do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de r3xime financeiro e orzamentario de Galicia (doc. n3m. 18; 11/IDFC-000001).



A Mesa toma coñecemento e acorda o seu traslado aos grupos parlamentarios e á Comisión 3ª, Economía, Facenda e orzamentos, que se constitúa na XI lexislatura, así como a publicación do acordo.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2020  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Resolución do 30 de xullo de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia, pola que se fan públicas as cualificacións finais**

Nas sesións que tiveron lugar os días 7 e 30 de xullo de 2020, o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24 de outubro de 2019) para cualificar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia

ACORDOU:

Primeiro. Que, de conformidade coa base 6.1.3 da convocatoria, superaron o terceiro exercicio do proceso selectivo as 5 persoas aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de nove (9) puntos.

Segundo. Declarar a todas as persoas aspirantes que superaron o terceiro exercicio exentas da realización do cuarto exercicio por teren presentado a documentación xustificativa sinalada na base 6.1.4 da convocatoria.

Terceiro. Publicar, de acordo coa base sétima da convocatoria, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da institución, as cualificacións obtidas polas 5 persoas aspirantes que superaron os tres exercicios, realizados respectivamente o 16 de decembro de 2019, o 13 de marzo de 2020 e o 25 de xuño de 2020, coa puntuación total, suma das puntuacións dos tres exercicios, que se reflícten no seguinte cadro:

#### CUALIFICACIÓN FINAL DA OPOSICIÓN

Persoa aspirante	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Total
David González Alonso	28,90	21,51	11,23	<b>61,64</b>
Natalia Noya Corbelle	24,90	21,02	14,52	<b>60,44</b>
Ainhara Maite Orodea Piñeiro	20,70	22,35	13,31	<b>56,36</b>
David Martín Utrera Iglesias	19,30	18,75	13,10	<b>51,15</b>
Sergio Lueiro Busto	18,60	19,62	12,39	<b>50,61</b>

Cuarto. Declarar que, de acordo coas bases da convocatoria, só superou o proceso selectivo a persoa que acadou a maior puntuación: David González Alonso.




Quinto. Propoñer á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso de David González Alonso no corpo superior do Parlamento de Galicia, como persoal funcionario de carreira.

Sexto. Segundo a base décima da convocatoria, o resto das persoas aspirantes incluídas no cadro da cualificación final da oposición, que non superaron o proceso selectivo, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.

Sétimo. Conceder, en cumprimento da base 9.4 da convocatoria, un prazo de dez días, contados desde o día seguinte á data de publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas.

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2020  
Carolina Costoya Pardo  
Presidenta do Tribunal





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

